

## Obxectivos:

O pasado 9 de novembro publicouse no BOE a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Ademais da transposición das citadas directivas, a lei establece un novo marco regulador do sistema de contratación pública, con vocación de ser máis eficiente, transparente e íntegro, e mellorar as condicións de acceso ao devandito sistema facilitando, en particular, a participación das PEMES.

Coa realización deste curso perséguese os obxectivos de analizar as principais modificacións introducidas pola lei, en especial aquelas que afectan á contratación no ámbito dos PANAP (poderes adxudicadores non Administración pública), e propiciar o debate ao redor daqueles aspectos máis innovadores e relevantes desde o punto de vista xurídico e da xestión.

## Persoas destinatarias:

O curso diríxese a responsables e xestores/as de contratación das entidades instrumentais descritas no artigo 3.1.b) da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia: fundacións públicas autonómicas e sociedades mercantís públicas autonómicas.

## Convocatoria:

DOG núm. 224, do 23 de novembro de 2018.

## Lugar de desenvolvemento:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).  
Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

## Información e matrícula:

Teléfonos: 981 546 239/ 981 546 241

Correo: [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal)

Web: <https://egap.xunta.gal>

Curso monográfico

## ***A LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO PARA PODERES ADXUDICADORES NON ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (PANAPS)***

Santiago de Compostela, 12, 13, 17, 18 e 19 de decembro de 2018



## PROGRAMA

Mércores, 12 de decembro de 2018

16:00 - 18:00 h. **Novidades da Lei 9/2017, de contratos do sector público (ámbito obxectivo, subxectivo, estrutura e principais novidades). Aplicación da Lei de contratos do sector público no ámbito dos PANAP.**

**Patricia Iglesias Rey.** Xefa do Gabinete de Estudos e Dereito Comunitario da Xunta de Galicia.

18:00 - 20:00 h. **Os novos procedementos de adxudicación, con especial atención ao contrato menor. Novos límites e restricións. Aplicabilidade do art. 118 e a racionalización da contratación.**

**Elena Barba Pan.** Secretaria da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

Xoves, 13 de decembro de 2018

16:00 - 18:00 h. **Os tipos de contratos. O prazo dos contratos: duración e prórrogas.**

**José Manuel Romero García.** Xefe do Servizo de Apoio Técnico e Administrativo da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

18:00 - 20:00 h. **O obxecto do contrato. Novidades respecto á configuración do obxecto do contrato, valor estimado e prezo. Fraccionamento do contrato. A regulación da división obrigatoria en lotes e os seus efectos.**

**Inmaculada Tomás Sánchez.** Xefa do Servizo de Contratación do SERGAS.

Luns, 17 de decembro de 2018

16:00 - 18:00 h. **A preparación e a adxudicación de contratos. Regras para a adxudicación do contrato. Criterios de adxudicación. Novidades.**

**Patricia Iglesias Rey.** Xefa do Gabinete de Estudos e Dereito Comunitario da Xunta de Galicia.

18:00 - 20:00 h. **A solvencia técnica e económica. Prohibición de contratar. Especial referencia á preparación do Documento europeo único de contratación (DEUC).**

**Francisco Tomás Couso González.** Subdirector xeral de Coordinación Administrativa. Consellería de Política Social.

Martes, 18 de decembro de 2018

16:00 - 18:00 h. **A compra pública estratéxica.**

**Francisco Tomás Couso González.** Subdirector xeral de Coordinación Administrativa. Consellería de Política Social.

18:00 - 20:00 h. **O recurso especial.**

**Santiago Valencia Vila.** Presidente do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Mércores, 19 de decembro de 2018

16:00 - 18:00 h. **A intervención do Consello Consultivo de Galicia na nulidade, resolución e modificación dos contratos celebrados por PANAP.**

**José Angel Oreiro Romar.** Secretario xeral do Consello Consultivo de Galicia.

18:00 - 20:00 h. **A contratación electrónica e a transparencia. Medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT) na contratación pública. Especial referencia á Plataforma de contratación (CPG) e ao Rexistro de contratos do sector público.**

**Elena Barba Pan.** Secretaria da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

**Coordinación:**

**Elena Barba Pan**

*Secretaria da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa*

**Patricia Iglesias Rey**

*Xefa do Gabinete de Estudos e Dereito Comunitario da Xunta de Galicia*

**NOTA**

Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola:

<https://egap.xunta.gal>